

ACTIVIDADES 2018 - 2019
PARA CENTROS EDUCATIVOS



	CURSOS		DURACIÓN
VISUALIZAR A DIVERSIDADE		1º 2º BACH	1 HR
A ARTE NA HISTORIA DO CINE		3º 4º ESO 1º 2º BACH	90 MIN
¿QUE É O CINE?	1º 2º ESO	3º 4º ESO	60 MIN
A VER, A VER... CINE	1º 2º ESO		60 MIN
HISTORIA DA FOTOGRAFÍA		1º 2º BACH	90 MIN
ARTE EN FEMINI(S)MO.		3º 4º ESO 1º 2º BACH	1 HR
ARTISTAS E CENSURAS.		3º 4º ESO 1º 2º BACH	1 HR
DEREITO Á CULTURA.		1º 2º BACH	1 HR

A partires das presentacións interactivas, que nos levan por visionados e relacionan constantemente os conceptos tanto de xeito visual coma auditivo, fanse diversos percorridos adaptados a idades e temas.



A actividade “VISUALIZAR A DIVERSIDADE” inclúe o visionado do documental “1948 - 2016. Un final para empezar”, que aborda a diversidade sexual en torno a feitos reais e reflexións desde a homosexualidade.

* ver descrición da actividade

VISUALIZAR A DIVERSIDADE



Presentación do documental “1948-2016. Un final para empezar”, facendo fincapé nas cuestións temáticas da obra, na diversidade sexual e nas realidades históricas e culturais do movemento LGTBI, e así mesmo nos tipos de produción que permiten distribuir voces independentes ao marxe dos mercados. Coloquio ca directora.

Visionado do documental, do que se pode ver o trailer na web ou aquí:
<https://vimeo.com/183319345>

Sinopse

Las hojas de un diario escrito en 1948 llevan a la autora a emprender unos meses de reflexión personal y compartida, en la que algunas de las personas que la rodean toman parte, convirtiéndose en agentes más que narrativos, reflexivos. Las palabras que una mujer, Encarna, le dirige a otra, Elvira, acaban por transformarse en una historia en torno al amor, la visibilidad y la realidad histórica en torno a la comunidad LGTBI, desde perspectivas que se entrelazan con la propia vida de la autora.

La reflexión gira en torno a las palabras de Encarna, aproximándose a un cambio de siglo que supone también un cambio de perspectiva, ya no solo desde el punto de vista personal sino en cuanto a todos los ámbitos que nos afectan como seres sociales: la medicina, la cultura o la política. “Dentro de veinticinco años, ¿qué será de nosotras?” se pregunta en un momento dado, lo que probablemente nunca imaginó es que más de tres décadas después las últimas palabras de su diario encontrarían continuación en forma de imágenes, en píxeles que se unen desde lugares distantes del planeta tierra. Finales que son principios.

A ARTE NA HISTORIA

3° 4° ESO

1° 2° BACH

90
MIN

Percorrido pola historia do cine, dende os primeiros pasos dos Lumière ata os últimos efectos dixitais, cunha relación constante entre a arte audiovisual e as belas artes clásicas. Visionado de fragmentos de máis de 50 obras e paradas visuais e sonoras en diversos exemplos das artes que inflúen reciprocamente neste ben chamado sétimo. Actividades interactivas e xogos que salpican o percorrido poñendo a proba coñecementos adquiridos e capacidades deductivas.

QUE É O CINE ?

1° 2° ESO

3° 4° ESO

60
MIN

Achegamento ao cine como avance técnico, facendo fincapé nas súas características comúns con outros artes, relacionándoo con disciplinas que poderían semellar alleas e recreándonos en visionados que van dende o cinema clásico ata obras recentes, pasando por cinematografías de diversas nacionalidades.

A VER, A VER... CINE



Percorrido guiado por unha serie de visionados que fan especial fincapé no cinema de clásicos coma Chaplin ou Tati, pasando por Buster Keaton ou Tex Avery e ata fragmentos de técnicas novidosas que mesturan o stop motion ca animación clásica, con figuras coma Lotte Reiniger.

HISTORIA DA FOTOGRAFÍA



Introducción ós aspectos básicos da técnica e da estética a través da historia da fotografía, prestando especial atención ás historias creativas e sociais que se agochan tralas imaxes. Valoración cualitativa das fotografías e repaso dos nomes máis significantes da imaxe estática dende os seus inicios ata o emprego de técnicas actuais coma a fotografía HDR. Recreación en artistas concretas ás que nos achegar a partires de documentais alleos ou obras de videoarte como as de Cindy Sherman.

ARTE EN FEMINI(S)MO

3° 4° ESO

1° 2° BACH

1 HR

O impacto e a repercusión recíproca da creación artística e o feminismo, as orixes deste na arte e a súa evolución dentro de sociedades heteropatriarcais. Algúns dos nomes femininos máis relevantes e, ao mesmo tempo, esquecidos pola historia oficial da arte.

ARTISTA E CENSURAS

3° 4° ESO

1° 2° BACH

1 HR

Anotacións en torno á censura exercida sobre obras creativas ao ancho do mundo e en diferentes contextos tanto xeográficos coma temporais, achegándonos e reflexionando sobre a importancia da liberdade na cultura e nas sociedades.

DEREITO Á CULTURA

1º 2º BACH

1 HR

Dereitos de autoría. copyright ou copyleft, licenzas CC, dominio público... e reflexións en torno a un dereito vulnerable e vulnerado. Abrindo novas xanelas para a exploración online de contido creativo, repensando as necesidades que temos como público e nos dereitos, e nas diversas formas de exercelos, dos creadores. Un percorrido que se achega á cultura libre e os xeitos de entendela e exercitala.

Concepto	B.Impoñible
1 sesión.	165 €
2 sesións.	255 €
3 sesións.	310 €
Desprazamentos, incremento por Km dende a cidade de Lugo.	0,23 € / km
Dietas, no caso de se realizar horarios partidos.	7 € / día

* Estes prezos reflicten sesións para un máximo de **60 alumnos**.

* Nas sesións con máis asistentes o prezo incrementarase en 5€ por cada 10 persoas.

Para máis información, pódete poñer en contacto no 699635949
a través do correo-e [__ granxacinema@gmail.com](mailto:granxacinema@gmail.com)
ou consúltala web www.carmenpggranxeiro.com

